



CONCELLO DE VILASANTAR
C/Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal. www.vilasantar.gal 981 778 169

SOLICITUDE DE UTILIZACIÓN DA CARPA MUNICIPAL

ENTIDADE (*asociación, colectivo, comisión, particular, etc.*)

Nome.....

REPRESENTANTE LEGAL

Nome..... Apellidos.....

DNI Teléfono.....

Enderezo de contacto

SOLICITA a cesión da carpa municipal durante o período comprendido entre as seguintes datas:

Data de comezo: (día) ____ de (mes) _____ de (ano) _____

Data de remate: (día) ____ de (mes) _____ de (ano) _____

Segundo a Ordenanza da Carpa municipal (BOP 11-10-2024, nº 193):

- A solicitude do uso da carpa deberá estar dirixida ao Sr. Alcalde, e deberá presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Vilasantar cunha antelación mínima de 30 días hábiles ao inicio do uso da carpa, aportando a seguinte documentación:

* solicitude na que se faga constar, como mínimo, os datos do solicitante, lugar onde se quere ubicar a carpa, e datas e breve descrición do uso e destino da carpa.

* liquidación e xustificante do ingreso do importe do prezo público correspondente de conformidade co establecido na presente Ordenanza (no seu defecto no prazo máximo de 3 días dende a notificación da autorización).

* Datos de identificación da persoa responsable da vixilancia e seguridade da carpa durante o período de utilización.

- Serán requisitos para a instalación da carpa:

* O solicitante deberá acondicionar o terreo destinado a ubicación da carpa, seguindo as instrucións do persoal designado polo Concello.

* Aínda que estea outorgada a autorización para a instalación se xorden causas xustificadas (terreo inadecuado, climatoloxía, etc) que aconsellen que non se realice devandita instalación o persoal do Concello comunicarllo ao solicitante con indicación expresa da causa que impide a súa instalación.

* As tarefas de montaxe e desmontaxe da carpa correrán por conta do/a solicitante, que deberá de contar con persoal suficiente e adecuado para a súa realización, mínimo 4 persoas.



CONCELLO DE VILASANTAR
C/Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal. www.vilasantar.gal 981 778 169

- Son obrigas dos solicitantes:

- * Custodiar e vixiar a carpa, conservación dos elementos da carpa e obriga de comunicar ao Concello de Vilasantar calquera dano no material, perda ou deterioro das pezas da estrutura.
- * Cumprir as disposicións e normas desta ordenanza, así como as que figuren na resolución de concesión da autorización.
- * Efectuar o pago do prezo público establecido na Ordenanza.
- * Contar coas licenzas correspondentes, no seu caso.
- * Destinar a carpa a actividade para a que foi solicitada.
- * Estar ao corrente no pagamento das débedas co Concello de Vilasantar.

Haberase de ter en conta que os traballos de montaxe, desmontaxe da carpa serán realizados realizados respetando o horario laboral dos operarios municipais designados para as funcións de supervisión e dirección dos traballos (de luns a venres). O concello asume o seguro social dos operarios.
O transporte correrá a cargo do solicitante.

O solicitante faise responsable da seguridade e dos posibles danos persoais e materiais que puidesen sufrir as persoas que designe para a realización dos traballos ou terceiros implicados.

Sinatura do solicitante,

Vilasantar, dede

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILASANTAR